



Cabo Ortegal
XEOPARQUE



BANDO

FOGUEIRAS SAN XOAN 2025

Ponse en coñecemento dos veciños, que para facer a tradicional fogueira de San Xoan, na noite do 23 ao 24 de xuño de 2025, **NON** será preciso obter autorización do Concello nin presentar declaración responsable.

Aqueles veciños interesados en realizar a tradicional fogueira de San Xoan, farana baixo as seguintes condicións de seguridade e protección:

Condicións xerais:

1. A fogueira non se poderá facer en espazos públicos (vías, prazas, etc.) que presenten pavimento de formigón, asfalto ou lousas, nin no céspede de zonas verdes.
2. Para manter no mellor estado posible a zona na que se realizará a fogueira, non está permitido o uso de combustibles líquidos nin de acelerantes. Así mesmo, está prohibido queimar plásticos, cauchos, rodas, colchóns, madeira lacada, gomaespuma aceites e, en xeral, calquera substancia que ao arder poda producir gases tóxicos. Por último, tampouco se poderán queimar mobles nin obxectos voluminosos, ou madeiras, que leven puntas ou cravos (caixas, palés, ...).
3. As fogueiras que se realicen en espazos privados deberán respectar as mesmas medidas xerais, preventivas e finais que as que se realicen en espazos públicos.

Medidas preventivas contra o lume:

1. Deberase coidar os arredores do lugar donde se realizará a fogueira, e en caso de emerxencia, chamar ao 085 ou 112.
2. Non se poderá iniciar ou avivar a fogueira con substancias inflamables. A separación entre a parte máis extrema da fogueira e: edificios, construcións, árbores, tendidos eléctricos ou telefónicos, tuberías de gas, etc, será como mínimo de 12 metros.
3. O volume de combustible que forme a fogueira non poderá exceder os 1,5 metros de altura e 2 metros de diámetro.
4. O veciño que faga a fogueira asegurase de que nos arredores non existe local ou locais que conteñan produtos inflamables. A distancia mínima a locais inflamables será de 50 metros.
5. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión, aínda que estean baleiros.
6. Non se poderá realizar a queima con vento.
7. O veciño que faiga a fogueira terá previsto material de extinción (extintores, mangueras con auga, etc).
8. Ao finalizar a fogueira as cinzas quedarán perfectamente apagadas.

Consideracións finais.

Deberanse tomar todas as medidas preventivas precisas para evitar incidentes por negligencia. En todo caso, o veciño que faiga a fogueira é o responsable dos danos que se puideran producir.

Cariño, 11 de xuño de 2025

Asdo.: Ana María López Fernández, Alcaldesa do Concello de Cariño.